Montevideo, nadal 28 de 1,966

Cont 23 xan 67

Sr:
Luís Tobío
MADRID

Ben querido Tobío:

Onte recibín a su de 22.- Axiña me puxen a fala con Canabal, quen me dixe que antonte lle tiña escrito seber do cheio motivo da sua carta.-

A espricación do tempo que pasóu o Banco pra lle mandar os cartos é que, pola causa das folgas que se fixeron departe dos empregados, ao arranxarse e normalizarse a situación, deberon pirmeiramente por en órden as contabilidades etc, razón pola cual tardaron uns días en normalizarse pro público.- Díxome que o diñeiro remitiuse o día 8 ou 10 deste mes, polo cual pensa que xa vosté terá o aviso de Suiza.- Eu folgareime que eisí haixa sido e que vosté xa esté tranquilo.-

Penso que terá recibo unha carta miña que lle mandei fai máis ou menos oito días.-

Ren máis, quedo, como sempre, as suas órdees.-

Moi afeutuosos saudos aos seus familiares e unha forte aperta pra vosté,

Merlón